

Piamontino



Telma

Alba

karen

Fernando

Patricia

Equipo de Normalización e Dinamización Lingüística

I.E.S. Rosalía de Castro

"... Se liches ata aquí terás que cumprir o que eu che pido". Meu Deus.



Eu non creo nesas cousas. Son supersticións absurdas.



Pois deberías creer. ¿Lembras o que puña na primeira páxina?



Si, que está escrito pola condesa de...



... a condesa de Piemonte.

E o máis importante: escribiuno co seu sangue.



Iso non é posible.

É suficiente con botar unha pinga de sangue na tinta.



Parvadas.

Os libros escritos con sangue
convértense en agoiros.



¿Que é un agoiro?

O que o libro pón,
a vida dispón.



Non entendo nada.



Que non podemos cambiar
o destino. A condesa
precisa a nosa axuda.



A condesa esa está
morta hai moito tempo.

Eu marcho.



Non podes marchar. Ti
escoltaches o que eu lín no
libro. Estás obrigada coma mín.

Pero non descansa.



Non me amoles. Eu non
estou obrigada a nada.



Se non me credes ímoslle preguntar ao padre Crisanto.

Ese esta coma ti.
Tolo de remate.



Espero que estea.



Estes non saen de aquí.

Ás veces retiranse durante días,
para meditar.



Bos días. ¿Poderíamos ver ao padre Crisanto?



Está no xardín. Pasen.





Bos días, padre.

Mariana. Querida sobriña.



Perdoe que o molestemos.

Sempre é un pracer recibir visitas.



Sentade comigo.



Viñemos porque estivemos lendo este libro...



O Plamontino.

¿Coñéceo?

Oín falar del.



Parece ser que o escribiu unha condesa...



A condesa de Piemonte.

Está escrito co seu propio sangue, e aquel que o lea terá que cumprir o que ela pide no libro.



¿Vostede cre que iso é certo?



E tan certo. ¿Onde atopastes o libro?

Na biblioteca universitaria.



O libro di que...



Non me contes nada.

Se me entero do que pón tamén eu estarei obrigado a cumprir os seus desexos.



Entón vostede cre que debemos facer o que pide a condessa.



Non dubidedes en facer canto manda. Ide con Deus.

¿Convencícheste agora?

Non sei que pensar.



¿Pero como imos facer iso, se nin sequera coñecemos os lugares aos que nos manda ir?



Non te preocupes que xa sei quen nos pode axudar.



E dices que a tal condessa non descansará ata que se cumpran certos requisitos.



Foi traizoada por un home e quere vingarse.



Pero el tamén está morto.



Polo que parece quere vingarse da súa familia.

¿Como?



Aquí o di: "meter nunha bolsa un carozo de millo empapado en auga de sete fontes"...

Eu digo que é mellor deixar a cousa como está.



Isto é moi serio.

Debedes facer canto manda e con moito coidado de non cometer ningún erro.



Pero se nin sequer coñecemos a esa familia.

Non sodes vós quen o fai. É a sede de vinganza da condessa quen vos obriga.





Pois se non hai máis remedio mellor será facelo canto antes. Isto xa empeza a amolarme un pouco.



Ide. E levade a conciencia tranquila.

Deus cho pague.

Adeus.

¿Por que sempre me metes en problemas?



Tranquila, desta habemos de saír.

Deus as acompañe. Non me gusta nada este asunto.




A condesa de Piamonte.



¿Quen é vostede?




¿Que quere de min?




Ti tamén liches no meu libro. Tes que axudarles a vingarme.

Pero...




Non perdas tempo. Cada momento é de vital importancia.




¿Ti cres que chegará con isto?


Xa temos a auga de tres fontes. Faltan catro.



Mira quen vén por aí.



Agardade. Vou con vós.



Digovos que era ela. Metía medo.

Xa temos todo. Agora haino que afumar con laureiro e deixárllelo na casa.



Isto é de tolos.

¿Seguro que é esa a casa?



Polas indicacións do libro ten que ser esa.



Veña. Deixa aí a bolsa e vamos.

Agardade.



Padre



Estiven na biblioteca investigando sobre a condessa de Piamonte.

Foi malvada toda a súa vida e ségueo sendo de morta.





Estivestes a piques de condearvos a vós mesmas.

O que manda facer no libro non é para vingarse desta familia. Nesta casa non vive ninguén.



Aquel que deposite esta pócema nun lugar sagrado coma este nunca acadará o descanso eterno.



A condesa intenta capturar un número de ánimas para quedar ela liberada.

Se non fose por vostede, agora estaríamos...



Grazas, padre.



Non me ides crer pero, xúrovos que sinto a súa presenza.



Morra o conto.